

Resolución do 15 de abril de 2010 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do día 1 de marzo de 2010, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos colectivos empresariais, facultando o director xeral a súa convocatoria, aprobación dos créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.

Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos colectivos empresariais, os cales poderán estar cofinanciados ao 80% co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, eixo 1, temas prioritarios 62 e 63, e convocar para 2010 as ditas axudas en réxime de concorrencia competitiva.

Segundo.

Prazo presentación de solicitudes: o prazo de presentación de solicitudes será dun mes que comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que o día inicial ou final do prazo coincidise en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, posporase ao día hábil seguinte.

Terceiro.-*Créditos*.

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

Partida orzamentaria	Procedemento	Orzamento 2010	Anualidade 2011
02.02-E4/10/02-651800	Proxectos iniciativas abertas de difusión (IG114-artigo 1.1º)	800.000 €	
02.02-E4/10/02-656800	Proxectos de deseño corporativo compartido (IG109-artigo 1.2º)	200.000 €	200.000 €
02.02-E1/10/02-651800	Proxectos de formación empresarial (IG148-artigo 1.3º a))	200.000 €	
02.02-E1/10/02-651800	Proxectos de inmersión profesional (IG177-artigo 1.3º b))	300.000 €	300.000 €
02.02-E1/10/02-651800	Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación (IG118-artigo 1.3º c))	500.000 €	100.000 €
02.02-E5/10/05-656800	Proxectos de elaboración de diagnósticos sectoriais e plans estratéxicos (IG119-artigo 1.4º)	500.000 €	

O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, previa declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Cuarto.

O prazo de execución dos proxectos non poderá superar o 30 de setembro do exercicio correspondente á anualidade establecida na resolución de concesión.

Quinto.

Os requisitos das letras c), e), f), h), i), j), k), l), m) e n) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) aos proxectos colectivos empresariais cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, está chamado a desempeñar un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan de xeito salientable a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade galega.

Cómpre facer un esforzo específico a prol da colaboración e cooperación interempresarial incentivando proxectos e iniciativas promovidas e coordinadas por organismos intermedios de carácter empresarial que poidan implicar en proxectos de interese común a conxuntos de empresas galegas, xerando así o valor engadido das sinerxías, aforros e reciprocidades dos proxectos compartidos, co obxectivo principal de incrementar e dinamizar a actividade económica na comunidade autónoma, favorecer o desenvolvemento equilibrado do territorio e lograr o incremento do emprego, a través do desenvolvemento e mellora da competitividade das empresas existentes, cuxa participación en iniciativas de reforzo da competitividade está condicionada polo seu reducido tamaño e reducida capacidade de atención individual aos incentivos que estimulan a súa acción.

Esta base diríxese polo tanto, á mellora da competitividade empresarial, especialmente nas pequenas empresas, mediante a actuación e coordinación do tecido asociativo a través de proxectos propostos por organismos intermedios de carácter empresarial e dirixidos a colectivos de pemes galegas, utilizando para algunhas das iniciativas previstas as posibilidades que ofrece o Fondo Social Europeo, eixo 1, temas prioritarios 62 e 63.

Á vista da experiencia na xestión das liñas de axuda, mantendo unha vixilancia constante sobre os procesos e as necesidades empresariais, cómpre actualizar, focalizar e complementar o esquema, na procura da maior eficacia na dinamización empresarial, introducindo novidades e modificacións que, en esencia, se poden resumir nas seguintes:

-Flexibilización dos apoios previstos para facilitarlle o acceso ao solicitante.

-Posibilidade de obter anticipos de subvención.

-Apoios específicos á formación directiva e a especialización de profesionais das pemes galegas.

-Análise sectorial para establecer as mellores vías de desenvolvemento empresarial dun xeito focalizado e subsidiario.

Considerando o carácter básico do Igape como instrumento de promoción eminentemente horizontal e aberto á colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, ademais do previsto nestas bases, poderá xestionar e canalizar cara ao tecido empresarial outras medidas de acordo cos departamentos competentes por razón de materia.

As convocatorias das distintas liñas de axuda serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape. As ditas convocatorias incluírán o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

Con carácter xeral, as axudas reguladas nesta base, segundo o indicado en cada punto, outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nas convocatorias en concorrencia competitiva, a preparación de solicitudes será necesariamente telemática, en beneficio de ambas as partes. A súa presentación e a comunicación entre o solicitante e o Igape poderá ser así mesmo totalmente telemática ou ben mediante a presentación física da instancia de solicitude.

Artigo 1º.-Proxectos obxecto de apoio.

Co obxectivo de incentivar proxectos e actuacións empresariais de distinta tipoloxía, o Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido aos seguintes tipos de iniciativas:

1º.1. Segundo a regulación específica establecida no artigo 6º destas bases, a Iniciativas abertas de difusión, entendendo por tales:

a) Xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos eidos da innovación e a competitividade.

b) Realización en Galicia de encontros empresariais entre emprendedores e investidores privados (business angels).

c) Realización en Galicia de congresos ou eventos expositivos de alcance internacional. O alcance internacional do evento proposto, será determinado en función do seu historial previo de congresistas e relatores no caso de congresos ou de asistentes e expositores no caso de eventos expositivos, non podendo por tanto ser considerados como tales as primeiras edicións dun determinado congreso ou evento, aqueles cuxa periodicidade sexa inferior a un ano, nin aqueles cuxo carácter internacional estea exclusivamente determinado por unha asistencia transfronteiriza ou pola presenza de relatores estranxeiros.

1º.2. Segundo a regulación específica establecida no artigo 7º destas bases, a proxectos de deseño corporativo compartido por algún elemento común dun colectivo de pequenas e medianas empresas. Os proxectos referiranse á creación ou revisión de imaxe corporativa compartida por un colectivo de pequenas e medianas empresas, nun número non inferior a 5, con algún elemento común que as une (centro comercial aberto ou pechado, identidade xeográfica común, cadea de valor ou servizo complementarios, etc.), de xeito que a imaxe corporativa xeral do colectivo poida ser incorporada tamén nas pemes participantes, compartindo a imaxe específica individual.

1º.3. Segundo a regulación específica establecida no artigo 8º destas bases, a:

a) Proxectos de formación empresarial en áreas concretas de xestión ou organización empresarial dirixidos a directivos, mandos intermedios ou persoal técnico de pemes galegas. Deberán ser proxectos coa participación de polo menos 10 persoas pertencentes a 5 ou máis pequenas e medianas empresas galegas, definidas ou identificadas, participantes no proxecto. O límite de duración da formación presencial establécese en 50 horas, podendo complementarse con formación telemática.

b) Programas de inmersión profesional para a especialización de persoal das pequenas e medianas empresas galegas, mediante a inserción en empresas ou centros tecnolóxicos de fóra de Galicia de persoal das pemes participantes (precontratados ou de nova contratación), de cara á consecución de cualificacións profesionais específicas para a prestación posterior de capacidades innovadoras na peme galega. Nestes proxectos o organismo intermedio solicitante deberá contar con polo menos cinco pequenas e medianas empresas que desexen afrontar a especialización dunha persoa cedéndoa durante un tempo non superior a 6 meses, a centros tecnolóxicos ou empresas especializadas de fóra de Galicia, previamente concertadas. Así mesmo, no caso de novas contratacións, deberá prever o sistema de selección do persoal que se vai contratar e especializar, que

deberá preservar os principios de publicidade, igualdade, mérito e concorrencia.

c) Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a xeración de proxectos de innovación cooperativos, isto é, proxectos que propoñan a participación dinamizada dun conxunto de pequenas e medianas empresas nun espazo físico ou virtual e, mediante unha metodoloxía definida para propiciar a intercomunicación; compartindo os participantes os seus coñecementos mediante o intercambio de experiencias, necesidades, know-how, etc. entre as pemes participantes, co obxecto final de que ademais da formación adquirida coa experiencia, xurdan entre varios dos participantes propostas de proxectos innovadores en cooperación susceptibles de presentación en convocatorias públicas.

1º.4. Segundo a regulación específica establecida no artigo 9º destas bases, Proxectos de análise e diagnóstico sectorial e de elaboración de plans estratéxicos, de innovación e competitividade para ese sector en Galicia. Esta axuda está dirixida a organismos intermedios de carácter empresarial e de tipoloxía sectorial que cumpran os criterios para ser considerados pequena e mediana empresa.

1º.5. Os proxectos subvencionables terán que acreditar a súa viabilidade técnica, económica e financeira.

1º.6. No caso dos proxectos dos puntos 1º.2, 1º.3 e 1º.4:

a) O beneficiario deberá achegar unha contribución financeira, exenta de calquera tipo de apoio público, de polo menos un 25% dos custos, xa sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo.

b) Os proxectos subvencionables non poderán ter comezado antes da presentación da solicitude no Igape. Ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda; de ser así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable.

c) Os proxectos presentados nas liñas dos puntos 1º.2 e 1º.3 por empresas que non cumpran os requisitos de pequena e mediana empresa segundo o Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), terán ademais que acreditar ao Igape o efecto incentivador da subvención solicitada. Para tal efecto, deberán presentar un documento onde se reflicta que a concesión da axuda suporá ben un incremento substancial no tamaño ou alcance do proxecto, ben un incremento substancial do importe total desembolsado polo beneficiario no proxecto, ben unha aceleración substancial da finalización do proxecto ou da actividade en cuestión, ou ben que de non ser pola axuda o proxecto de investimento non se implantaría en Galicia.

Artigo 2º.-*Procedemento e réxime de aplicación.*

2º.1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2º.2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º.3. As axudas recollidas nesta base incardínanse:

a) As recollidas no artigo 1.1º, polo seu carácter de apertura xeral e difusión non constitúe axuda de estado de acordo co artigo 87 do Tratado Constitutivo da UE, dado que non afecta nin pode afectar os intercambios comerciais entre estados membros.

b) As recollidas no artigo 1.3º no artigo 39 do Regulamento (CE) 800/2008 da comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE.

c) As recollidas no artigo 1.2º e 1.4º, no artigo 26 do Regulamento (CE) 800/2008 da comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE, agás as axudas aos gastos de persoal recollidos no artigo 9.2º 2.

d) Os gastos recollidos no artigo 9.2º 2 no Regulamento (CE) 1998/2006 da comisión do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

2º.4. As subvencións previstas nestas bases poderán estar cofinanciadas nun 80% polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, eixo 1, temas prioritarios 1.62 e 1.63, e están sometidos ás obrigas de información e difusión establecidas na regulamentación da UE, en particular os Regulamentos (CE) 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006 (DOUE L 210/25, do 31 de xullo), Regulamento (CE) nº 1081/2006, do 5 de xullo de 2006 do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE L 210/1, do 31 de xullo) e Regulamento 1828/2006 da comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007). Os ditos proxectos cumpren os requisitos de elixibilidade da Orde TIN/2965/2008 e da Orde TIN/788/2009, que a modifica, sobre gastos subvencionables polo FSE.

Artigo 3º.-*Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas.*

3º.1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto cofinanciada con Fondos ou Instrumentos da UE.

3º.2. Noutro caso, e salvo disposición en contrario para cada liña de axuda, as axudas serán compatibles con calquera outra liña de subvención doutras administracións ou institucións, sempre que respecten as intensidades de axuda máxima indicadas na súa regulamentación específica.

3º.3. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera axuda recibida para este mesmo proxecto, así como, se é o caso das axudas recibidas en réxime *de minimis* nos derradeiros tres exercicios. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

4º.1. Coas puntualizacións ou limitacións establecidas para cada caso no artigo correspondente, poderán ser beneficiarios as entidades sen fin de lucro, con personalidade xurídica propia (organismos intermedios), que cumpran as seguintes condicións:

a) Que estean domiciliadas en Galicia ou que tendo algún centro de actividade en Galicia desenvolvan en Galicia, na súa totalidade, o proxecto obxectivo de apoio.

b) Que a súa actividade estea dirixida eminentemente ao mundo empresarial.

4º.2. Na liña de axuda do punto 1.4. o organismo intermedio terá que cumprir os requisitos para ser considerado pequena e mediana empresa segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (CE) 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

4º.3. Nas liñas de axuda dos puntos 1.2, 1.3 e 1.4:

Están excluídas as seguintes actividades:

a) As actividades de produción primaria dos produtos agrarios e as actividades nos sectores da pesca e da acuicultura, regulamentados polo Regulamento (CE) 104/2000:

-CNAE 09: divisións 01, 02, 03 e 05 (todos os grupos e clases).

-CNAE 09: grupo 10.2 (todas as clases).

b) O sector da industria siderúrxica conforme a definición que recolle o anexo I das directrices comunitarias sobre as axudas de estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08):

-CNAE 09: grupos 24.1, 24.2 e 24.3 (todas as clases) e clases 24.51, 24.52.

c) O sector de fibras sintéticas conforme a definición que recolle o anexo II das directrices comunitarias sobre as axudas de estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08).

d) O sector do carbón e do aceiro:

-CNAE 09: división 05 (todos os grupos e clases).

e) O sector da construción naval consonte ao disposto na comunicación da comisión DO C 160 de 28-10-2006:

-CNAE 09: clase 30.11.

4º.4. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades que entren dentro da categoría de empresas en crise, ao abeiro da definición do artigo 1 número 7ª do Regulamento xeral de Exención (Regulamento CE 800/2008).

Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

4º.5. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

Artigo 5º.-*Condicións dos gastos subvencionables.*

5º.1. Os gastos subvencionables serán os establecidos nestas bases para cada liña de axuda.

5º.2. Os gastos subvencionables serán os realizados dentro do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión para os efectos de cumprir todas as condicións nela establecidas. Este prazo iniciárase na data de presentación da solicitude de axuda e rematará na data que, á vista das características do proxecto, sexa establecida na resolución de concesión.

5º.3. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores de contraer o compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben. Non se esixirá xustificalo se polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren

ou presten, ou no caso en que se celebre o contrato con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá xustificarse en criterios de eficiencia e economía a elección da oferta finalmente seleccionada cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

5º.4. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación destas bases os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais sobre a renda. Poderase considerar subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando o solicitante da axuda sexa unha asociación ou entidade sen ánimo de lucro e acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acollido ao réxime de exención do IVE.

5º.5. Os gastos subvencionables deberán ser contratados e pagados directamente entre o beneficiario da axuda e o provedor final. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

5º.6. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Artigo 6º.-*Requisitos específicos da liña de axuda para Iniciativas abertas de difusión.*

6º.1. Conceptos subvencionables.

6º.1.1. As xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos eidos da innovación e a competitividade, previstas na letra a) do artigo 1.1º anterior terán os seguintes conceptos subvencionables de gasto:

a) Gastos de publicidade.

b) Elaboración de documentación e edición de relatorios ou publicacións.

c) Custos de contratación de relatores.

d) O IVE cando o solicitante acredite a súa exención.

Segundo o alcance do evento, os límites de axuda serán os seguintes:

-Provincial ou inferior: 6.000 euros.

-Autonómico: 9.000 euros.

-Nacional: 12.000 euros.

-Internacional: 20.000 euros.

6º.1.2. Para a celebración en Galicia de encontros empresariais entre emprendedores e investidores privados (business angels) prevista na letra b) do artigo 1º.1. anterior, o Igape poderá patrocinar a organización dos encontros, cun límite por xuntanza de 10.000 euros, suxeito á xustificación de custos producidos pola organización dos encontros empre-

sariais patrocinados, por importe non inferior á cantidade asignada polo Igape.

6º.1.3. Para a celebración en Galicia de congresos ou eventos expositivos de alcance internacional prevista na letra c) do artigo 1.1º anterior, o Igape poderá patrocinar a organización de iniciativas de interese xeral, no seo do congreso ou evento expositivo, cun límite xeral de 50.000 euros, e un límite especial de 125.000 euros cando concorran as seguintes circunstancias:

-Eventos con periodicidade anual ou superior.

-Histórico de celebracións en Galicia de polo menos 5 edicións previas.

-Participación de congresistas (congresos) ou expositores (eventos expositivos) de polo menos 10 países distintos na última edición.

O aboamento da subvención estará suxeito á xustificación de custos incorridos pola organización das actividades patrocinadas, por importe non inferior á cantidade asignada polo Igape.

6º.2. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

6º.2.1. Para as iniciativas previstas na letra a) do artigo 1.1. anterior, con carácter xeral cun mínimo dun 25% e ata un máximo do 70% dos gastos subvencionables, teranse en conta na avaliación e selección de proxectos e na determinación da intensidade da axuda, os seguintes criterios:

a) Proxectos presentados por clústers galegos legalmente constituídos (20 puntos).

b) A participación de representantes de empresas privadas, institucións públicas e universidades no evento (0-20 puntos).

c) A singularidade da temática e as formulacións previstas (0-20 puntos).

d) O nivel contrastado dos relatores (0-25 puntos).

e) A previsión de difusión de iniciativas e programas do Igape relacionados coa temática do evento (0-10 puntos).

f) A utilización da lingua galega nos eventos subvencionados (5 puntos).

6º.2.2. Para as iniciativas previstas nas letras b) e c) do artigo 1.1º anterior, o Igape deberá xustificar a selección dos encontros empresariais e das actividades patrocinadas, de acordo cos seus obxectivos fundacionais.

Artigo 7º.-Requisitos específicos da liña de axuda para Proxectos de Deseño Corporativo compartido por algún elemento común dun colectivo de pequenas e medianas empresas.

7º.1. Conceptos subvencionables.

7º.1.1. Gastos externos de consultoría de deseño gráfico para a xeración de imaxe corporativa com-

partida (50% de intensidade de axuda sobre a base subvencionable, cun límite de 5.000 euros).

7º.1.2. Gastos de consultoría de deseño gráfico para a aplicación da imaxe compartida combinada con imaxe individual nos elementos de comunicación comercial das pemes participantes (50% de intensidade de axuda sobre a base subvencionable cun límite de 4.000 euros/peme).

7º.2. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

O expediente avaliarase cos seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

a) O sector de actividade, sendo prioritarios os sectores definidos no anexo III destas bases reguladoras (0-20 puntos).

b) O valor do servizo en termos de cobertura de necesidades para quen se dirixe (0-15 puntos).

c) O número de asociados que representa o organismo solicitante (0-20 puntos).

d) A inexistencia previa do servizo que se desenvolverá, prestado a través de terceiros, en Galicia (0-20 puntos).

e) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada (5 puntos).

7º.3. Concorrencia de axudas.

A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra axuda pública.

Artigo 8º.-Requisitos específicos da liña de axuda para Proxectos de formación empresarial, proxectos de inmersión profesional e proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación.

8º.1. Conceptos subvencionables.

8º.1.1. Nos proxectos de formación empresarial previstos no artigo 1.3.a) destas bases, para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido, co límite xeral do 60% de axuda, consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes:

a) Custos externos de formadores cun límite de custo subvencionable de 120 €/h de formación presencial e co máximo de 50 horas presenciais por programa.

b) Custos externos de formación on-line cun custo máximo subvencionable total non superior ao custo da formación presencial.

c) De ser o caso, custo de aluguer de aulas equipadas, ata un importe equivalente ao dos demais custos subvencionables.

8º.1.2. Nos proxectos de inmersión profesional previstos no artigo 1.3º b) destas bases, serán subvencionables:

a) Os custos dunha viaxe ida e volta (de orixe a destino), a estadia do persoal desprazado e o salario bruto correspondente ao período de cualificación. A subvención límtase ao 35% de axuda cando o participante pertenza a mediana empresa e ao 45% cando o participante pertenza a unha pequena empresa.

b) Co límite do 50% e nunca superior a 30.000 euros, os custos facturados polos consultores externos mediadores e facilitadores dos procesos de mobilidade previstos no proxecto, cando se precisase deste tipo de asistencia.

8º.1.3. Nos proxectos de intercambio de experiencia previstos no artigo 1.3 c) destas bases, serán subvencionables:

a) Os gastos de colaboradores externos para a tutela e dinamización da intercomunicación entre empresas e para a obtención de proxectos cooperativos de innovación, ata o 35% no caso de medianas empresas e o 45% no caso de pequenas empresas, do seu custo, cun límite de subvención de 30.000 euros/proxecto.

b) Os gastos de persoal técnico do organismo intermedio dedicado ao proxecto en proporción á súa dedicación durante o período de vixencia, podendo incluír entre as tarefas que se van realizar a detección e selección de pemes participantes no proxecto, ata o 35% no caso de medianas empresas e o 45% no caso de pequenas empresas, do seu custo.

8º.2. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

O expediente avaliarase cos seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

a) Proxectos presentados por clústers galegos legalmente constituídos (25 puntos).

b) A singularidade, novidade e oportunidade do obxectivo do proxecto (0-20 puntos).

c) O número de pemes (identificadas) que participen no proxecto e a adecuación deste número ao obxecto do proxecto (0-20 puntos).

d) A experiencia do organismo intermedio en coordinación e execución de proxectos dirixidos a pemes (0-10 puntos).

e) O carácter sectorial do proxecto, sendo neste caso prioritarios os proxectos dirixidos a algún dos sectores que figuran no anexo III destas bases reguladoras (0-20 puntos).

f) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada (5 puntos).

Artigo 9º.-Requisitos específicos da liña de axuda para Proxectos de elaboración de diagnósticos sectoriais e plans estratéxicos, de innovación e competitividade dirixidos a organismos intermedios empresariais sectoriais.

9º.1. Requisitos específicos dos beneficiarios.

a) Organismos Intermedios de carácter empresarial domiciliados en Galicia, con personalidade xurídica propia e sen fin de lucro, representativos de sectores de actividade industrial maduros que, pola súa relevancia tradicional no conxunto do tecido empresarial galego, precisen dunha atención específica cara á súa permanencia e progresión futura no mercado (pedra natural, cerámica, madeira e moble, moda, conservas de peixe, agroindustrial, maquinaria para fornecer algunha destas áreas de actividade) ou de sectores de actividade industrial de alto potencial (audiovisual, novas tecnoloxías, industria náutico-deportiva, industria auxiliar do naval, enerxías renovables, industria ambiental, etc.). O organismo cumprirá os requisitos establecidos no anexo I do Regulamento (CE) 800/2008 de exención por categorías para as pequenas e medianas empresas.

b) Grupos de empresas galegas especificamente xerados mediante acordos particulares, pertencentes a sectores de actividade emerxentes en Galicia que, polo reducido núcleo empresarial existente, carezan de agrupacións legalmente constituídas (aeronáutica, biomecánica, biocombustibles, microelectrónica, etc.). Neste último caso, as empresas agrupadas por acordo explícito deberán nomear un representante ante o Igape que será o titular do expediente administrativo correspondente, ata o momento no que creen unha entidade xurídica xestora, con personalidade xurídica independente, que terá que cumprir os requisitos establecidos no anexo I do Regulamento (CE) 800/2008 de exención por categorías para as pequenas e medianas empresas, será a beneficiaria da axuda e cuxa efectiva constitución será condición necesaria previa ao pagamento da axuda concedida.

9º.2. Conceptos subvencionables e intensidade da axuda.

9º.2.1. Custos de consultoría estratéxica. Co límite de 60.000 euros, a subvención poderá acadar o 50% en función da avaliación de alcance e impacto estratéxico e o custo proxectado para a elaboración do plan.

9º.2.2. Gastos de contratación de persoal de estrutura mínimo para a administración da agrupación no referente ao plan estratéxico. A subvención poderá acadar o 50% do salario bruto do persoal contratado cun límite dun ano e un custo máximo subvencionable (nunha ou varias persoas) de 24.000 euros.

9º.3. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

Para a selección de proxectos, terase que acadar polo menos 50 puntos na avaliación, téndose en conta os seguintes aspectos:

9º.3.1. Áreas de actividade maduras.

a) Que representen un ámbito de actividade industrial tradicional en Galicia (30 puntos).

b) Que o volume de vendas conxunto supere polo menos o 30% do total de vendas do sector de actividade no último exercicio pechado (30 puntos).

c) Que o número de empresas representadas supere polo menos o 10% do total de empresas produtoras do sector de actividade (30 puntos).

9º.3.2. Áreas de actividade emerxentes ou de alto potencial.

a) Que representen un ámbito de actividade industrial de moi escasa implantación en Galicia e que, polo tanto, o número de empresas en Galicia dedicadas á devandita actividade industrial sexa inferior a 25 empresas (30 puntos).

b) Que o volume de vendas do grupo de empresas solicitante supere polo menos o 50% do total de vendas do sector de actividade en Galicia no último exercicio pechado (30 puntos).

c) Que o número de empresas agrupadas supere polo menos 1/3 do total de empresas en Galicia do sector de actividade representado (30 puntos).

9º.3.3. En xeral, a utilización da lingua galega na actividade subvencionada (10 puntos).

Artigo 10º.-*Consentimentos e autorizacións.*

10º.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

10º.2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

10º.3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas,

polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

A devandita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais á entidade colaboradora do Igape, á entidade financeira na que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 132/2006.

10º.4. A presentación da solicitude polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar as certificacións coa solicitude.

10º.5. A presentación da solicitude tamén autoriza ao órgano xestor para acceder ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade e Residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

10º.6. As propostas que resulten seleccionadas nos programas con cofinanciamento europeo pasarán a formar parte da lista pública de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006.

Artigo 11º.-*Solicitudes.*

11º.1. Dentro do prazo establecido na convocatoria, para presentar unha solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto para o que solicita a subvención a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

A instrución e resolución do procedemento basearase nas declaracións contidas no citado cuestionario e, no caso de que se conceda a axuda, serán obxecto de acreditación documental nas fases de tramitación en cada caso oportunas e, en calquera caso, previamente a calquera aboamento da axuda.

11º.2. Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, cun sistema

de cita previa concertada a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o cuestionario. O IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

11º.3. Poderanse cubrir e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 14.00 horas do día da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

11º.4. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo I, nas que será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación.

11º.5. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

11º.6. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para os efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmentemente ao longo da tramitación do expediente.

c) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederáse á anotación dunha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

d) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación, consonte o citado Decreto 200/2003.

e) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario normalizado a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE nº 150, do 23 de xuño).

11º.7. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no cuestionario. Para iso utilizarán a aplicación establecida no enderezo da internet citado anteriormente, introducindo os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico no que desexan recibir o xustificante. As modificacións da solicitude inicial deberán ser presentadas utilizando a aplicación de axuda para xerar un cuestionario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas aclaracións.

Artigo 12º.-*Órganos competentes.*

A área de financiamento será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponde ao titular da Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica ditar a resolución que poña fin ao procedemento administrativo.

Artigo 13º.-*Entidades colaboradoras.*

De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape poderá designar entidades colaboradoras para a xestión da subvención, cumprindo os requisitos do artigo 10 da mencionada lei. As entidades colaboradoras designaranse con base na súa experiencia na xestión de proxectos. Non se prevé a constitución de garantía por parte das entidades colaboradoras salvo que a colaboración inclúa o aboamento directo das subvencións, neste caso prevese que as entidades previstas no artigo 13.4º da Lei de subvencións no

procedemento de selección constituirán garantía polo 1% do orzamento previsto.

Artigo 14º.-*Instrución dos procedementos.*

14º.1. As solicitudes de axuda serán avaliadas polos servizos do órgano instructor ou das súas entidades colaboradoras, en función dos datos declarados na solicitude de axuda e no cuestionario e elaborará unha relación delas coa puntuación que lle corresponde a cada unha, en aplicación dos criterios de valoración establecidos para cada liña nestas bases.

14º.2. No caso de empate nas puntuacións, para desempatar terase en conta o número de expediente, que se outorgará segundo a data de presentación da solicitude.

14º.3. A proposta de resolución provisional das solicitudes puntuadas que cuantificará, se é o caso, as subvencións propostas e conterá unha lista de reserva para cubrir posibles revogacións ou desistencias, publicarase na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es e no taboleiro de anuncios do Igape, no prazo máximo de 4 meses desde a data de finalización do período de presentación das solicitudes. A proposta seralle notificada individualmente a todos os interesados. Aos interesados propostos como beneficiarios ou como reservas serán requiridos para que, no prazo de dez días, presenten a seguinte documentación, con indicación de que se non o fixesen se lles terá por desistidos da súa solicitude, arquivándoa sen máis trámite e proponendo a concesión ou o posto de reserva na lista de espera ao seguinte solicitante da relación.

a) Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes.

b) Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.

c) Calquera outra documentación ou información adicional que se considere conveniente e se inclúa na resolución provisional.

Poderase excluír aquela documentación que conste xa actualizada no Igape, debendo o solicitante especificar o número de expediente no que anteriormente foi presentada.

14º.4. Os interesados poderán formular alegacións no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da devandita proposta de resolución provisional.

14º.5. Unha vez analizadas as ditas alegacións e a documentación recibida, o órgano instructor confeccionará a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes e elevará a proposta de resolución ao director xeral do Igape, na que se reflectirá a contía da axuda concedida a cada solicitude e a lista de espera para cubrir revogacións ou desisten-

cias. A dita lista de espera terá unha vixencia de 6 meses.

14º.6. A resolución definitiva será publicada na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es e no taboleiro de anuncios do Igape. Os interesados poderán descargar a súa notificación individual da parte da resolución que lles afecta no enderezo citado, introducindo o código indicado na notificación individual da proposta de resolución provisional.

Na resolución de concesión de axuda farase constar o importe do concepto subvencionable que hai que xustificar, a contía e porcentaxe da axuda concedida, o prazo máximo para executar o proxecto e o prazo máximo para presentar a xustificación ao Igape. Así mesmo, constará a obriga por parte do beneficiario de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análogo da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e pola Consellería de Economía e Industria e, se é o caso, polo Fondo Social Europeo. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

Na resolución das axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo farase constar ao beneficiario a súa inclusión na lista pública de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006.

14º.7. O beneficiario terá un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación da resolución definitiva para a súa aceptación cubrindo a dilixencia de aceptación segundo o modelo normalizado establecido polo Igape. Unha vez transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida. No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederase consonte o artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

14º.8. A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nas bases reguladoras da axuda e nas demais disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

14º.9. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses contados desde a data de finalización do período de presentación das solicitudes. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 15º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de

que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución definitiva, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Potestativamente, recurso previo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da resolución definitiva, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 16º.-*Modificación da resolución.*

16º.1. No caso das axudas aos proxectos establecidos nos artigos 1.3 b) e 1.3 c) poderanse solicitar modificacións da resolución, tramitando o cuestionario sinalado no artigo 11º destas bases e presentando a súa instancia dirixida ao director do Instituto Galego de Promoción Económica. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo director do Igape, logo da instrución do correspondente expediente no cal se lles dará audiencia aos interesados. Nas restantes liñas de axuda non se admitirán modificacións das resolucións de concesión, salvo no tocante á identificación das empresas participantes.

16º.2. O Igape unicamente analizará a procedencia das solicitudes de modificación das condicións da resolución de concesión de axuda presentadas dentro do prazo inicial de execución do proxecto, denegando sen máis trámite as presentadas unha vez vencido o dito prazo inicial de execución.

16º.3. En ningún caso se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 50% do gasto subvencionable inicialmente aprobado, nin ampliacións do prazo de execución que excedan a metade do inicialmente aprobado. En todo caso o prazo de xustificación, incluída a ampliación, deberá permitirlle ao Igape a verificación do expediente dentro do exercicio orzamentario que corresponda.

16º.4. Co límite do 20% e sen necesidade de instar procedemento de modificación, poderanse admitir compensación entre partidas de gasto aprobadas, sen que iso implique incumprimento das condicións da concesión.

Artigo 17º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto que fundamenta a concesión das subvencións no prazo establecido na resolución de concesión.

b) Xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, supere o 100% do custo total do proxecto que vai desenvolver o beneficiario.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables durante un prazo de catro anos contados desde a finalización do prazo de execución do proxecto. Nos proxectos cofinanciados co FSE, o dito prazo será de tres anos posteriores ao peche do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, tal como se define no artigo 89.3º do Regulamento 1083/2006 do Consello, se este fose posterior. Todo isto, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control e deberán manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FSE.

f) Darlle publicidade ao financiamento polo Igape dos gastos que sexan obxecto de subvención, consistente na inclusión da imaxe institucional do Igape e a Consellería de Economía e Industria, e, se é o caso, o Fondo Social Europeo, así como lendas relativas ao financiamento público nos folletos, materiais impresos que vaian ser obxecto de difusión máis alá do uso exclusivo do solicitante, medios electrónicos audiovisuais, convocatorias e difusión

de eventos ou ben en mencións realizadas nos medios de comunicación, sen prexuízo das normas sobre publicidade establecidas na normativa comunitaria que, de ser o caso, sexan de aplicación.

Para dar publicidade do financiamento debe empregarse, o escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda Consellería de Economía e Industria, o logotipo do Igape, coa lenda Instituto Galego de Promoción Económica e no seu caso, a bandeira da UE coa lenda Fondo Social Europeo, no seu caso. Os logotipos poderanse descargar no enderezo de internet <http://www.igape.es/>

g) Cumprir as medidas en materia de información e publicidade reguladas na sección 1 do capítulo II do Regulamento (CE) 1828/2006 da comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do consello, coas modificacións introducidas polo Regulamento (CE) 846/2009 da comisión do 1 de setembro de 2009. Estas medidas están recollidas na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013, que pode consultarse na páxina web (<http://www.economiaefacenda.org/web/portal/guia-intervencions-cofinanciadas-fe>).

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 18º.-Xustificación da subvención.

18º.1. Os beneficiarios deberán presentar a solicitude de cobramento da subvención no prazo dun mes desde a fin do prazo de execución establecido na resolución de concesión e nunca posteriormente ao 30 de outubro do exercicio correspondente á anualidade establecida na resolución de concesión.

18º.2. Para presentar a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o cuestionario de liquidación a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente o cuestionario de liquidación. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente. O dito cuestionario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009, para a presentación da conta xustificativa.

18º.3. A solicitude de cobramento presentárase mediante a instancia normalizada que se xunta como

anexo II, no cal será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas.

18º.4. O beneficiario presentará a solicitude de cobramento co IDEL no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderá asinar electronicamente o formulario de solicitude de cobramento co IDEL e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, sempre que cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 11.6º, e que a documentación que acompañe a solicitude de cobramento sexa apta para a súa presentación telemática. Neste último caso, a aplicación de xeración de cuestionarios de liquidación permitirá xuntar estes documentos e remitilos electronicamente.

18º.5. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase ao beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2º do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

18º.6. Xunto coa solicitude de cobramento, o beneficiario da axuda presentará:

18º.6.1. Documentación xeral:

a) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto da actividade. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou recibín do proveedor. As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con copia dalgún destes xustificantes de tipo de cambio a euros:

-Documentos bancarios de cargo en euros nos que conste o tipo de cambio empregado.

-Cotización oficial publicada polo Banco de España ou Banco Central Europeo correspondente á data do pagamento da factura.

-Para outros tipos de cambio atenderase a tipos de cambio do mercado de divisas a data do pagamento das facturas.

Nos proxectos colectivos con participación expresa de empresas, serán admisibles as facturas e xustificantes de pagamento correspondentes ao organismo intermedio solicitante así como as emitidas directamente ás empresas participantes no proxecto.

b) A documentación acreditativa do pagamento:

i) Xustificante de transferencia bancaria ou dos documentos mercantís utilizados como medios de pagamento emitidos e con vencemento dentro do período de liquidación, así como, se é o caso, o seu cargo en conta. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Os extractos bancarios a través da internet deberán ter estampado o selo orixinal da entidade financeira.

ii) Certificación bancaria orixinal conforme o pago ten sido realizado efectivamente dentro do prazo de execución. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Só se admitirán os pagamentos en efectivo para importes inferiores aos 1.000 € por provedor.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

c) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores de contraer o compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben. Non se exixirá xustificalo se polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou no caso en que se celebre o contrato con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá xustificarse en criterios de eficiencia e economía a elección da oferta finalmente seleccionada cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

d) A certificación bancaria da existencia e número de conta do beneficiario na que vaia ser ingresada a subvención.

d) A copia en formato impreso ou en formato dixital -que permita a súa lectura-, de material onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público citada no artigo 17 f) destas bases.

18º.6.2. Para os proxectos previstos no punto 1.1. Iniciativas abertas de difusión:

-Memoria de execución do proxecto onde se fagan patentes as accións desenvolvidas.

-Documentación visual do evento e a publicidade (fotos, diapositivas, CD, ...).

-Certificación, emitida polo representante legal, onde se faga constar que o evento obxecto de subvención foi de carácter gratuíto ou ben indicar a contía total percibida por parte dos asistentes a este.

18º.6.3. Para os proxectos previstos no punto 1.2. Deseño corporativo compartido:

-Manual de identidade corporativa da proposta de nova imaxe colectiva compartida.

-Desenvolvementos - as mostras- da nova imaxe. De non ser posible, os arquivos informáticos que se utilizarán para a elaboración dos ditos elementos.

-No caso de proxectos con aplicación combinada en pemes, mostra de aplicativos de cada peme participante.

-Se é o caso, enderezo da páxina web onde se visualicen os resultados do proxecto.

18º.6.4. Para os proxectos previstos no punto 1.3.a) Formación empresarial:

-Memoria técnica da execución do programa formativo, datas de celebración, profesorado e contidos abordados en cada data, listaxe asinada polos alumnos asistentes a cada sesión, co nome e apelidos, DNI e empresa da que procede cada un deles.

-No caso de formación on-line, detalle de obxectivos e claves para acceder e visualizar os contidos por parte do Igape, así como xustificación do seguimento polos alumnos.

-No caso de alugamento de aulas equipadas: contrato de alugamento a nome do titular do expediente.

-Debe acreditarse que os alumnos aos que vai dirixida a formación obxecto desta axuda, son directivos, mandos intermedios ou equipo técnico de pemes.

-Debe xustificar mediante resolución de exención do imposto emitido pola Axencia Tributaria que o IVE supón un maior custo.

-Os beneficiarios da formación deberán acreditar a súa condición de pequena e mediana empresa, segundo os criterios de definición de peme da Comisión Europea. Para isto deberá cubrir no cuestionario de liquidación o punto relativo á condición de peme.

18º.6.5. Para os proxectos previstos no punto 1.3.b) Inmersión profesional:

-Memoria detallada do desenvolvemento xeral do proxecto, incluíndo proceso de interrelación entre receptores e pemes galegas. Detalle de persoas e centros receptores.

-Listaxe asinada de empresas participantes e traballadores participantes no proxecto de inmersión de cada unha.

-Nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social, xustificantes de pagamento e certificado de adscrición ao proxecto do persoal das pemes participantes.

-Informe individual da estadía de cada persoa, asinado pola persoa e a empresa ou centro tecnolóxico receptora.

18º.6.6. Para os proxectos previstos no punto 1.3.c) Espazos de innovación:

-Memoria detallada do desenvolvemento do proxecto, incluíndo metodoloxía utilizada, proceso de interrelación e comunicación empresarial. Principais conclusións dos participantes.

-Listaxe asinada de empresas participantes.

-Nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social, xustificantes de pagamento e certificado de adscrición ao proxecto do persoal do organismo intermedio dedicado ao devandito.

-Identificación de propostas de proxectos innovadores en cooperación susceptibles de presentación a convocatorias públicas.

18º.6.7. Para os proxectos previstos no punto 1.4. Diagnósticos e plans estratéxicos sectoriais:

-Copia completa e asinada polo representante da entidade do plan estratéxico elaborado, no que deberán constar as liñas de acción que permitan abordalo, así como os obxectivos concretos e indicadores para o seu seguimento.

-Nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social, xustificantes de pagamento e certificado de adscrición ao proxecto do persoal do organismo intermedio dedicado a el.

-No caso de que o beneficiario sexa un grupo de empresas, copia do acordo particular e documentación da entidade xurídica xestora creada.

-O Plan estratéxico deberá conter un Plan de acción específico para as actividades empresariais (industriais e de servizos), así como identificar as actividades empresariais que non se están realizando en Galicia e si complementarían as necesidades sectoriais:

Industria: aprovisionamentos externos realizados polas empresas galegas.

Servizos: servizos non existentes en Galicia que complementarían a oferta de apoio á actividade.

18º.7. En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, e cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, para ser beneficiario da axuda.

18º.8. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, de ser o caso, das cantidades previamente aboadas.

Artigo 19º.-*Aboamento das axudas.*

19º.1. Con carácter xeral, o aboamento das axudas realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización do proxecto e o cumprimento das condicións dentro do prazo establecido na resolución de concesión.

19º.2. Os órganos competentes do Igape ou as súas entidades colaboradoras poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, poderase entender que renuncia á subvención.

Previamente á proposta de pagamento, os servizos técnicos do Igape poderán realizar unha inspección de comprobación material na cal certifiquen que se realizou o proxecto.

19º.3. Sen necesidade de iniciar procedemento de reintegro, no caso de que o beneficiario xustifique gastos por importe inferior ao establecido na resolución de concesión, e sempre e cando o gasto xustificado iguale ou supere o 50% do gasto subvencionable establecido, non desvirtúe o proxecto aprobado e o beneficiario manifeste a súa conformidade, o pagamento será realizado pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

Artigo 20º.-*Anticipos.*

Os beneficiarios da axuda poderán solicitar un anticipo de ata o 50% da anualidade concedida, logo de autorización polo Consello da Xunta de Galicia, para subvencións correntes, nos termos previstos no artigo 63.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia. A concesión do anticipo será obxecto de resolución motivada e estará exenta da constitución de garantía, logo de autorización polo Consello da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 67.4º do citado decreto.

Artigo 21º.-*Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas.*

21º.1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de

falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

21º.2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

21º.3. Poderase considerar plenamente xustificada a subvención no proceso de comprobación cando o Igape constate que os gastos efectivamente xustificadas sexan inferiores á contía do importe subvencionado e esta diferenza dese lugar a unha minoración no importe da subvención ou no importe a reintegrar inferior a 30 € ou á contía que para eses efectos fixe a consellería competente.

Artigo 22º.-*Réxime sancionador.*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 23º.-*Fiscalización e control.*

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Galego de Promoción Económica para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 24º.-*Comprobación de subvencións.*

24º.1. O órgano concedente e as súas entidades colaboradoras comprobarán a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 4 anos desde a súa presentación, agás nos proxectos cofinanciados co FSE, en que o prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 3 anos posteriores ao peche do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, tal como se define no artigo 89.3º do Regulamento 1083/2006 do Consello, se o mesmo fose posterior.

24º.2. Para todo o non previsto nos puntos anteriores será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25º.-*Publicidade.*

25º.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

25º.2. De acordo co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, www.igape.es e no *Diario Oficial de Galicia*, expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións; non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

Artigo 26º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE, no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, no Regulamento (CE) 1083/2006, Regulamento xeral de fondos (modificado polo Regulamento (CE) 846/2009), no Regulamento (CE) nº 1081/2006, do 5 de xullo de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE L 210/1, do 31 de xullo) e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, observarase ao disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



ANEXO I



PROCEDEMENTO AXUDAS DO IGAPE AOS PROXECTOS COLECTIVOS EMPRESARIAIS, COFINANCIADOS CO FONDO SOCIAL EUROPEO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2007-2013	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IG406J	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF/NIF	
ACTIVIDADE		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE			PROVINCIA
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

SOLICITUDE PARA (sinalar só un cadro)

- IG114 – Iniciativas abertas de difusión. Art. 1.1.
- IG109 – Proxectos de deseño corporativo compartido. Art. 1.2.
- IG148 – Proxectos de formación empresarial. Art. 1.3.a.
- IG177 – Programas de inmersión profesional. Art. 1.3.b.
- IG118 – Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación. Art. 1.3.c.
- IG119 – Proxectos de elaboración de diagnósticos sectoriais e plans estratéxicos. Art. 1.4.

As axudas obxecto desta solicitude poderán estar cofinanciadas nun 80% polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, eixo 1 temas prioritarios 62 e 63.

Non debe entregar NINGUNHA DOCUMENTACIÓN á parte desta solicitude, e debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN

O/a solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática (para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado).

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente o Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude a aquelas entidades coas cales o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.
- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos. No caso de proxectos cofinanciados co FSE, de conformidade cos artigos 6 e 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, se a solicitude de axuda resulta aprobada, o nome do beneficiario, a operación e o importe da axuda será obxecto de publicación.
- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.
- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente (CIF, IAE, escritura de constitución e estatutos, poder do representante).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 15 de abril de 2010 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.</i>
SINATURA E SELO DO/A SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		

Director xeral do Igape



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO II



SOLICITUDE DE COBRAMENTO

Axudas do Igape aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013

EXPEDIENTE

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

TITULAR			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO			TELÉFONO
<input type="text"/>			<input type="text"/>
DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE SUBVENCIONABLE APROBADOS (EUROS)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)	DATA DE REMATE DO PRAZO DE VIXENCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) obtido da aplicación de axuda para cubrir o cuestionario de liquidación e o seu código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

O/a solicitante declara que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude de cobramento.

Nota: este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

Don/Dona con DNI nº , actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas,

EXPÓN (márquese só unha opción):

- Que solicita un anticipo do 50% da anualidade corrente por importe de euros.
- Que no período comprendido entre o e o incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por un importe de euros. Os ditos gastos, cuxa relación se fixo constar no cuestionario electrónico de liquidación a que se refire esta solicitude, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa e, de ser o caso, os activos fixos correspondentes aos investimentos incorporáronse ao patrimonio da empresa.

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución de concesión da axuda.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á empresa arriba indicada o importe de euros, que se ingresará na seguinte conta bancaria ao seu nome aberta, segundo a certificación anexa:

ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	Nº CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

_____, de _____ de _____
(Sinatura do representante)

*ANEXO III***Sectores prioritarios****Axudas do Igape aos proxectos colectivos empresariais,
cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do
Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013**

1. Sector auxiliar de automoción.
2. Industria da madeira.
3. Industria de transformación agroalimentaria.
4. Sector moda (confección e complementos).
5. Industria aeronáutica e auxiliar.
6. Sector náutico-deportivo e de recreo e auxiliar de náutica deportiva e de recreo.
7. Sector químico e industria farmacéutica.
8. Fabricación de material sanitario.
9. Biotecnoloxía, biomecánica.
10. Fabricación de equipos ambientais.
11. Fabricación de equipamentos e sistemas para instalacións de enerxías renovables.
12. Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.
13. Servizos e desenvolvemento de software.
14. Sector audiovisual e desenvolvemento de contidos.
15. Centros telemáticos.